


de *Xoves a Xoves*  
*boletín de información cultural*

Do 12 de XULLO ao 19 de XULLO de 2007

1. EXPOSICIÓNS
2. IMAXE E SON
3. MÚSICA
4. ESCENA
5. CONGRESOS, CURSOS E CONFERENCIAS
6. NO CAMIÑO / FEIRAS, FESTAS E ROMARÍAS
7. PREMIOS E BOLSAS
8. PUBLICACIÓNS
9. INFORMACIÓN XERAL



xacobeo



Do 12 de XULLO ao 19 de XULLO de 2007

## INFORMACIÓN XERAL

A **Real Academia Galega** dedicará o **Día das Letras Galegas 2008**, que celébrese anualmente o 17 de maio, ao intelectual galeguista **Xosé María Álvarez Blázquez**. A institución académica destaca a faceta de polígrafo de este investigador apaixonado pola historia e a literatura de Galicia. Faleceu no ano 1985.

\*\*\*

O festival **Artes no Camiño** percorrerá este verán, entre o 23 de xullo e o 24 de agosto, doce localidades lucenses. Conta cun presuposto de 380.000 euros e inclúe música, teatro e danza.

\*\*\*

A sede da **Fundación Pedro Barrié de la Maza** en Vigo, dos arquitectos Emilio Tuñón e Luís Moreno Mansilla, foron galardoados coa VII edición do **Premio Saloni de arquitectura**. O fallo fíxose público nun acto que tivo lugar no Palacio de Congresos de Catalunya, en Barcelona.

\*\*\*

O Xurado Cualificador do **XVII Certame de Fotografía do Medio Ambiente 07** decidiu outorgar ás obras: **Erizo de mar** de Víctor Rivera Jove, **En las montañas del Yemen** de Alberto Porres Viñes, e **Vertederos Incontrolados** de Jorge Meis, o primeiro, segundo e terceiro premio, respectivamente, que cada ano convoca o Ateneo Ferrolán.

\*\*\*

A viúva de **Eugenio Granell** dóalle a biblioteca e a colección pictórica privada do intelectual galego á fundación que leva o seu nome, situada no pazo de Bendaña na cidade de **Santiago de Compostela**.

\*\*\*

A Dirección Xeral de Turismo declara a **Rapa das Bestas de Sabucedo** ( A Estrada ) como **Festa de Interese Turístico Internacional**. A edición deste ano celebrarase entre os días 6 e 9 de xullo.

\*\*\*

O escultor Ourenán **Acisclo Manzano** ingresa como membro numerario na **Real Academia Galega de Belas Artes**. Outros artistas escollidos para formalizar o seu ingreso nesta institución son: a pintora Victoria de la Fuente, o restaurador do Museo do Prado Vicente Torrón, e o arquitecto Rafael Manzano.

\*\*\*

As medallas **Castelao 2007** recaeron nas editoriais **A Nosa Terra** e **Hércules Edicións**. Tamén obtivo a mesma distinción a asociación contra a droga **Érguete**. O presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, entregou as distincións o pasado 28 de xuño nun acto solemne celebrado no adro do Convento de San Francisco, en Santiago de Compostela.

\*\*\*

A Xunta de Galicia concedeu a **Medalla de Ouro de Galicia** ao artista e intelectual galego, **Isaac Díaz Pardo**. A condecoración lle será entregada o próximo día 25 de xullo.